



Para mellorares a lingua

Dous manuais de **Carlos Callón**, ex-presidente da Mesa pola Normalización Lingüística. Un, **Como defenderes os teus dereitos lingüísticos**, que che van axudar a adquirir argumentos en favor da lingua e para defender os teus dereitos como falante. Outro, **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, para mellorares a túa competencia.



E, de quererdes enriquecer máis a túa lingua oral e facela máis expresiva, velaquí tes un manual sobre fraseoloxía que che serve **Para dar trela**. Nel vas atopar un amplo repertorio de frases feitas e do seu contexto de uso.

Novidades musicais

Discos galegos con propostas ben distintas:

O cuarto disco de **Sés**, reivindicativo e moi variado **Opoñerse á extinción**




A nova entrega de **Talabarte**, **Fake**, cun libro disco ben interesante, onde ademais do propio trío que forma o grupo, hai colaboracións destacadas de grandes músicos do panorama musical galego.



NADAL 2016

O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística e o Equipo de Biblioteca do IES Lamas de Castelo deséxanvos unhas felices vacacións.



Para os máis novos

Historias moi variadas e para todos os gustos; historias premiadas e historias moi lidas polos seguidores de **Agustín Fernández Paz**.



A súa última novela, **A casa do medo** e outro para os máis noviños, **O soño do merlo branco**.



E o último premio Merlín, **Todo o tempo do mundo** de **David Pérez Iglesias**.



Unha novela emocionante, que paga a pena ler aos dez e aos cincuenta anos. Un relato moi fermoso que describe de que estamos feitos, como se conforma a propia vida e onde, con quen, ou como ordenamos

prioridades. Preciosa relación entre unha neta e un avó que comparten un verán.

Un pouco de todo

A última achega de **Ledicia Costas**, **Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta**.

Homenaxe a Vigo, a Verne, ás novelas de aventuras e á fantasía, todo coa áxil palabra desta autora xa clásica da literatura galega.



E a última entrega do **Bichero VI. Ti sacha!** A mirada humorística á realidade galega, nas viñetas de **Luis Davila**.




Para os maiores

O último libro de **Núñez Singala**, **Camiños na auga**, unha novela distinta a toda a súa produción.

O protagonista da novela é un negro albino, Szymo, que foxe da súa Tanzania orixinaria cruzando todo o continente africano e de aí ás Canarias, porta de Europa, na procura dun lugar onde vivir lonxe de todos os prexuízos e perigos que conleva a súa singularidade xenética. Novela para aprender moito sobre a diferenza e o que custa defenderse ao non ser da maioría.



Un poemario de **Carlos Negro**, **Masculino singular**, que dá moito que pensar.



Nel atopamos unha revisión do que se espera dun home polo simple feito de ser masculino, do feito de querer romper con ese rol; fálase da igualdade entre os xéneros e os sexos e da busca decidida dunha linguaxe non sexista.